

**ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
LINGUA INGLESA**

**CURSO 2019/2020
IES DE CURTIS**

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

1º E 2º DE ESO

Criterio de Avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
B1 -Coñecer e aplicar as estratexias básicas de comprensión da información esencial do que se escoita	PLEB1 -Comprende frases e expresións habituais sobre temas cos que se está familiarizado, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Identificar a información esencial en textos orais breves articulados a velocidade lenta e sen distorsións sobre asuntos cotiás,	-Comprende unha conversa formal sobre situacións da vida cotiá.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Comprender os puntos esenciais en conversacións sinxelas con boa articulación e que se poidan escoitar de novo e con apoio de imaxes,	-identifica a información esencial de gravacións sinxelas sobre aspectos cotiás, acompañadas de imaxes e escoitadas máis dunha vez.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
B3 -Utilizar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, ideas principais e detalles máis relevantes dun texto.	PLEB3 -Comprende instrucións sinxelas.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Comprender instrucións básicas, avisos, obrigas e prohibicións.	-Entende información específica esencial formulada de xeito simple e claro.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Identificar e interpretar palabras e enunciados sinxelos.		
-Ler con certa autonomía textos adaptados á idade, interese e nivel.	-Comprende con fluidez textos adaptados.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
B4 -Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves.	PLEB4 -Escribe notas e mensaxes breves relacionados con situacións da vida cotiá e dos eu interese.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Escribir textos breves sinxelos e de estrutura clara utilizando os recursos básicos de cohesión e coherencia.	-Elabora textos moi breves	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Completar documentos básicos sobre información persoal.	-Completa cuestionarios sinxelos	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Presentar os textos escritos de xeito coidado.	-Fai unha presentación coidada dos textos.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
B6 -Comprende e utiliza un repertorio léxico básico.	PLEB6 -Recoñece e utiliza un vocabulario básico e suficiente para elaborar textos sinxelos e mensaxes propios do seu nivel educativo.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD

3º DE ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
B1 -Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión da información esencial do que se escoita.	PLEB 1 -Distingue co apoio de imaxes as ideas principais.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Identificar información xeral e específica de textos sinxelos breves ou de lonxitude media sobre temas coñecidos e pronunciados de maneira lenta e clara.	-Capta os puntos principais e detalles salientables sobre mensaxes breves e articulados de xeito lento e claro con condicións acústicas boas.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD

-Comprender os puntos principais e información específica de mensaxes claros, breves e sinxelos.	-Entende o esencial en conversacións formais e informais cando o discurso está articulado con claridade a unha velocidade media.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
B3 -Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información máis relevante dun texto.		
-Comprender mensaxes breves relacionados con situacións da vida cotiá.	PLEB3 -Entende as ideas principais de textos breves relacionados con asuntos do seu interese.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Identificar información esencial en textos que conteñan estruturas sinxelas e léxico básico de uso común.	-Entende información específica esencial en mensaxes breves.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adaptados á idade.	-Comprende o esencial de historias breves facéndose unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e argumento.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
B4 -Escribir textos breves sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiás e de interese persoal, nun rexistro formal ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, convencións ortográficas básicas e o signos de puntuación cun control razoable da expresión e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.	PLEB4 -Escribe correspondencia formal e informal, informes e textos breves sobre feitos habituais, completa cuestionarios, escribe mensaxes breves sobre situacións da vida cotiá.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Producir textos escritos sen faltas de ortografía.	-Aplica adecuadamente os signos de puntuación e as regras ortográficas básicas.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Recoñecer e utilizar léxico de uso común.	-Utiliza un vocabulario básico suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Reformular e resumir un texto adaptado o seu nivel.	-Explica o sentido dun texto resumindo ou reformulando.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD

4º DE ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
B1 -Coñecer e saber aplicar estratexias adecuadas para a comprensión de información esencial do que se escoita.	PLEB 1 -Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión intuindo o que non se comprende.	CCL, CAA. CCEC, CSC
-Identificar a información esencial en textos orais breves ou de lonxitude media a unha velocidade media que traten aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sempre que as condicións acústicas non distorsionen.	-Distingue as ideas principais e información relevante con apoio visual ou escrito en presentacións ou charlas ben estruturadas sobre temas coñecidos.	CCL, CAA. CCEC, CSC
-Comprender textos orais sinxelos nos que dean información básica sempre que se fale lentamente.	-Entende o que se lle di en transaccións cotiás e estruturadas e nunha conversa formal ou entrevista sobre asuntos prácticos de carácter habitual.	CCL, CAA. CCEC, CSC
B3	PLEB3	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD

-Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e as ideas principais dun texto.	-Procura e entende información específica e xeral relacionada con asuntos do seu interese.	
-Identificar a información esencial e os puntos máis importantes en textos breves ou de lonxitude media escritos nun rexistro formal, informal ou neutro sobre asuntos cotiás ou menos habituais e con estruturas e léxico común tanto de carácter xeral como máis específico.	-Localiza con facilidade información específica e relevante de carácter concreto e identifica as conclusións principais.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Ler con fluidez textos breves ou adaptados.	-Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos literarios adaptados.	CCL, CAA. CCEC, CSC
B4 -Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude .	PLEB4	
-Escribir textos breves ou de media lonxitude coherentes e de estrutura clara sobre temas de interese persoal utilizando adecuadamente os recursos, normas ortográficas e signos de puntuación.	-Escribe textos breves ou de media lonxitude, utilizando adecuadamente o léxico axeitado, estrutura e recursos de cohesión, facendo unha presentación coidada do texto e utilizando con corrección os recursos lingüísticos propios do seu nivel.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Amosa un léxico adecuado tanto de uso xeral como específico.	-Comprende e utiliza léxico relativamente rico e variado co emprego de sinónimos para evitara repetición léxica.	CCL, CAA. CCEC, CSC

1º BACH

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
B1 -Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, as ideas e opinións do que se escoita.	PLEB1 -Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, sacando conclusións, deducindo intencións e intuindo o que non se comprende.	CCL, CAA. CCEC, CSC
-Identificar as ideas principais e información relevante de textos, conversas e debates de certa lonxitude con estruturas lingüísticas de certa complexidade., articuladas a velocidade normal que traten temas concretos e abstractos.	-Identifica os detalles relevantes e puntos principais dunha conversa de certa duración.	CCL, CAA. CCEC, CSC
-Comprender o esencial en textos orais transmitidos de maneira estruturada e articulados de maneira lenta.	-Comprende instrucións dadas, información dada nunha conversa ou presentación sobre temas cotiás ou menos habituais, ou programas de radio e TV relativos a temas de interese sempre que se articulen de forma relativamente lenta.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Recoñecer o significado e as intencións comunicativas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entonación.	-Comprende información específica relevante captando sentimentos como interese ou indiferenza.	CCL, CAA. CCEC, CSC
B3	PLEB3	

-Coñecer e aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, información esencial, as ideas e opinións do texto.	-Comprende o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos, mensaxes, cuestionarios, para a resolución de tarefas.	CCL, CAA, CCEC, CSC
-Distinguir as funcións comunicativas principais do texto.		
-Identificar as ideas principais e información relevante de textos de certa lonxitude con estruturas lingüísticas de certa complexidade e que traten temas concretos e abstractos.	-Segue sen dificultade a liña argumental de historias curtas de linguaxe sinxela.	CCL, CCEC, CSC
-Ler con fluidez textos auténticos ou adaptados.		
B4 -Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de estrutura clara de certa lonxitude.	PLEB4 -Escribe e produce textos de diferentes tipos con cohesión, corrección ortográfica e de puntuación.	CCL, CAA, CCEC, CSC, CD
-Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas e os elementos de cohesión co fin de que o discurso esté ben organizado e cumpra a función comunicativa correspondente.		
-Elaborar e presentar textos de diferentes tipos de xeito coidado, atendendo á cohesión, corrección ortográfica e signos de puntuación.	-Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto.	CCL, CAA, CCEC, CSC, CD
-Elaborar resumos e sintetizar información e argumentos partindo de diferentes fontes.	-Redacta un breve resumo coa información esencial.	CCL, CAA, CCEC, CSC, CD
-Coñecer e saber utilizar o léxico común máis especializado.	-Exprésase con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e recoñece un léxico máis especializado.	CCL, CAA, CCEC, CSC, CD

2º BACH

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias imprescindibles
B1 -Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral a información esencial do texto oral.		
-Comprender o esencial de conversas ou debates sobre temas do seu interese e extraer información específica aínda que non se comprenda a totalidade do texto.	PLEB1 -Comprende e identifica as ideas principais, detalles relevantes, puntos de vista e opinión sobre temas do seu interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que guíen a comprensión de textos orais relativamente extensos e a velocidade normal.	CCL, CAA, CCEC, CSC, CD
B3 -Usar diferentes estratexias de lectura, coñecer e saber aplicarlas para comprender o sentido xeral, a información esencial e as ideas principais dun texto.	PLEB3 -Entende detalles relevantes, a información, a intención e as implicacións de textos tanto concretos como abstractos.	CCL, CAA, CCEC, CSC, CD

-Identificar as ideas principais e información detallada de textos de certa lonxitude e lingüísticamente complexos e que traten de temas concretos e abstractos.	-Entende en textos de referencia e consulta información detallada, entendendo os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista concretos.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado en diferentes formatos e distinguir entre información , opinión e persuasión.	-Comprende a información, as ideas e opinións implícitas en textos de certa lonxitude que traten dunha variedade de temas especializados tanto concretos como abstractos e localiza con facilidade detalles relevantes.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Ler con fluidez textos relacionados cos propios intereses ben estruturados en rexistro estándar da lingua.		
B4 -Utilizar estratexias que faciliten un estilo de estrutura fluído e sinxelo, seguindo unha planificación, organización e coherencia axeitadas coa selección das ideas pertinentes, revisión da ortografía, puntuación e concordancias.	PLEB4	
-Coñecer e aplicar as estratexias máis adecuadas para laborar textos escritos ben estruturados e de certa lonxitude.		
-Escribir textos ben estruturados sobre unha ampla serie de temas, facendo descricións claras e detalladas, sintetizando a información e organizándoos de maneira lóxica e defendendo un punto de vista sobre temas xerais e específicos, utilizando os elementos lingüísticos adecuados para dotar ó texto de coherencia e manexando un léxico adaptado ó contexto e ó propósito comunicativo.	-Escribe informes, descricións, narracións, textos argumentativos, etc, expresando opinións, explicacións sobre diferentes temas, xustificando o motivo da súa opinión e respectando as conviccións formais de cada tipo de texto.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Elaborar resumos e notas recapitulativas con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ó texto orixinal.	-Redacta resumos coa información esencial.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Presentar os textos de maneira coidadosa.		
.Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico tanto común como máis especializado segundo os propios intereses e as necesidades nos diferentes ámbitos, así como un reducido repertorio de palabras e expresións que permitan un uso que permitan un uso poético ou estético sinxelo do idioma.	-Exprésase en diferentes soportes con certa densidade léxica, evitando repeticións, utilizando sinónimos e recoñecendo un léxico máis especializado.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD
-Coñecer e aplicar eficazmente a comprensión do texto ós coñecementos sociolingüísticos e as convencións sociais que permitan captar as alusións máis relevantes sobre estes aspectos.	-Explica valores e comportamentos propios dunha determinada cultura a outra diferente, consciente da importancia desta mediación cultural.	CCL, CAA. CCEC, CSC, CD

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Observación sistemática do traballo e participación do alumnado nas actividades e clases desenvolvidas durante o estado de alarma.</p> <p>Prestarase especial atención o interese polo traballo e á mellora e evolución na expresión comunicativa, resolución das cuestións que se prantexan, comprobación de acertos ou erros, utilización dos mesmos para mellorar o proceso de aprendizaxe, presentación das tarefas con puntualidade, precisión, claridade, orde e limpeza.</p> <p>Tarefas específicas: serán de reforzo, apoio e revisión do estudado durante o 1º e 2º trimestre, podendo ampliarse dependendo do nivel do alumnado.</p> <p>Consistirán en: revisión ou ampliación dos aspectos gramaticais e vocabulario estudado durante o 1º e 2º trimestre; práctica de comprensión oral e escrita para o que se traballarán vídeos e audios de diferentes características, incluíndo as tarefas do libro de lectura adaptado a cada nivel.</p> <p>Tarefas de produción escrita que incluírán os diferentes tipos de redacción estudados.</p>
	<p>Instrumentos: Ficha de rexistro personalizada de cada alumno/a onde se recolle o seguimento, participación, asistencia ás clases telemáticas, corrección de todas as tarefas e observación da evolución do alumnado durante o período do estado de alarma.</p> <p>Tarefas orais e escritas.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos resultados obtidos no 1º e 2º trimestre, podendo subir e en ningún caso ver minorada dita cualificación tendo en conta o traballo, interese, constancia, participación e esforzo do alumnado durante o período de estado de alarma.</p> <p>En ningún caso se subirá a cualificación cando exista un desfase significativo entre os resultados obtidos no 1º e 2º trimestre e o traballo realizado durante o período de estado de alarma.</p> <p>O alumnado que non consiga superar a materia na convocatoria ordinaria de xuño terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Manterase a mesma proba da programación ordinaria, tendo en conta que non se avaliarán os contidos non impartidos durante o período de estado de alarma.</p>
Avaliación de materia pendentes	<p>Criterios de avaliación: Os establecidos no apartado 1 deste documento correspondentes a comprensión e produción escrita.</p>
	<p>Criterios de cualificación: O alumnado que supere a materia do curso no que se atopa, automaticamente terá superada a materia do curso ou cursos anteriores.</p> <p>- O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria de xuño, deberá presentarse á proba na convocatoria extraordinaria de setembro, descrita na</p>

	<p>programación do curso.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O alumnado de 2º de ESO pendente de 1º que ten superada a 1º avaliación de 2º cunha nota igual ou superior a 5, terá automaticamente superada a materia de 1º con un 5, podendo subir nota coa realización das actividades de revisión e reforzo que se lle faciliten, sempre que estean entregadas en forma e prazo, sigan unha evolución lóxica dos coñecementos adquiridos polo alumno/a e non se observe un desfase significativo con respecto ó traballo desenvolvido durante o 1º trimestre. - O alumnado poderá superar a materia mediante a realización e entrega das actividades de reforzo e repaso nos prazos establecidos, de maneira limpa e ordenada e que demostren a adquisición dos obxectivos mínimos do curso, considerando que deberán reflectir unha progresión lóxica na adquisición de coñecementos do alumnado. Poderanse non ter en conta cando exista un desfase significativo entre o traballo desenvolvido durante o 1º e 2º trimestre e o período de estado de alarma.
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación sistemática do traballo e participación do alumnado nas actividades de recuperación desenvolvidas tanto durante o 1º e 2º trimestre como durante o estado de alarma.</p> <p>Prestarase especial atención o interese polo traballo e á mellora e evolución na expresión comunicativa, resolución das cuestións que se prantexan, comprobación de acertos ou erros, utilización dos mesmos para mellorar o proceso de aprendizaxe, presentación das tarefas con puntualidade, precisión, claridade, orde e limpeza.</p> <p>Ficha de rexistro personalizada de cada alumno/a onde se recolle o seguimento, participación, asistencia ás clases telemáticas, corrección de todas as tarefas e observación da evolución do alumnado durante o período do estado de alarma.</p> <p>Tarefas de revisión e reforzo: repaso de aspectos gramaticais, vocabulario, comprensión e produción escrita.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
<p>Actividades</p>	<p>1º ESO: Séguese con libro e co cuadernillo do alumnado, elabóranse apuntes novos sobre “Present Continuous” e “Prepositions of Place”, completándose a unidade 4. Introdúcese de xeito sinxelo o estudo do Past Simple en aras de continuar na medida do posible ca normalidade académica, si ben non será obxecto de avaliación durante este curso. Revísanse todos os contidos traballados ao longo da primeira e segunda avaliación</p> <p>Facilítaselles fichas con exercicios sobre os puntos tratados e material adicional en forma de cancións e vídeos específicos sobre estes apartados.</p> <p>2º ESO: Actividades sobre o tema 7, “Present Perfect Simple”, non rematado no momento do confinamento: apuntes, fichas de exercicios, writings, readings, vídeos con fragmentos de películas onde intervén ese tempo,</p>

	<p>cancións, etc. Ademáis trabállase sobre riddles, quizzes, puns, etc.</p> <p>Estúdase o relativo a Modal Verbs (xa visto no curso anterior), possessive pronouns , etc. Esto non será en ningún caso avaliado este ano, pero preténdese dar contido a unhas clases que solicitan máis materia</p> <p>Para o grupo específico de Reforzo (4 alumnos cas dúas primeiras avaliacións suspensas) faise un repaso pormenorizado e escalonado de todo o traballado ao longo dos dous cursos ata que comenzou o estado de alarma</p> <p>3º ESO e 1º BACH:</p> <p>a) Repaso: distintos aspectos gramaticais traballados durante o curso por medio de exercicios.</p> <p>b) Reforzo das habilidades de escritura e comprensión por medio da elaboración de textos de distintos tipos: opinión, reseñas... así como la comprensión de textos escritos que nos permitan identificar ideas, intención do autor, etc</p> <p>c) Ampliación de vocabulario.</p> <p>d) Actividades de recuperación para o alumnado coa materia pendente.</p> <p>4º ESO:</p> <p>Actividades:</p> <p>Comprensión oral: escoita e revisión dos audios correspondentes ás unidades estudadas ata o 13 de marzo.</p> <p>Comprensión e produción escrita: Revisión e ampliación de vocabulario e contidos gramaticais correspondentes ás unidades estudadas ata o 13 de marzo e ampliación para rematar á unidade 5.</p> <p>Realización das tarefas de redacción e comprensión lectora correspondentes a esas unidades e lectura e realización das tarefas correspondentes ós 4 últimos capítulos do libro de lectura obrigatorio: <i>The Mysterious Case of Benjamin Button</i>.</p> <p>Actividades de recuperación para o alumnado coa materia pendente.</p> <p>2º BACH:</p> <p>Comprensión oral: escoita e revisión dos audios correspondentes ás unidades didácticas, facendo especial fincapé nos correspondentes ós diferentes sons tanto vocálicos como consoánticos.</p> <p>Escoita e visualización de vídeos curtos sobre situacións habituais, facendo fincapé no vocabulario e nos aspectos gramaticais estudados.</p> <p>Comprensión e produción escrita:</p> <p>Revisión do vocabulario e aspectos gramaticais estudados ata o 13 de marzo.</p> <p>Ampliación do vocabulario e contidos gramaticais correspondentes ás unidades 5 e 6, completando así a programación.</p> <p>Práctica de probas ABAU e exercicios de fonética, incluído o modelo adaptado para este curso 19/20.</p> <p>Actividades de recuperación para o alumnado coa materia pendente.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</p>	<p>Nos dous cursos de 1º e 2º de ESO, emprégase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Google Classroom para o intercambio de materiais diversos. Un grupo de classroom por cada aula (catro) - Skype: dúas clases semanais por curso. - Gmail.

	<p>2ºESO – GRUPO DE REFORZO: Créase un grupo de reforzo con catro alumnos que teñen as dúas avaliacións anteriores suspensas. Para eles créase un grupo de classroom especial e un horario específico e diferenciado de skype.</p> <p>3º ESO e 1º BACH:</p> <p>Neste tercer trimestre temos que ter en conta que os nosos alumnos teñen problemas de “recursos”:</p> <p>1. Algúns dos nosos alumnos non contan con impresora, ordenador... Ás veces os ordenadores son compartidos cos pais que teletraballan.</p> <p>2. A conexión a internet na zona rural non é boa e menos nesta época en que hai un maior uso de internet nas casas.</p> <p>Algúns teñen que seguir a clase polo teléfono móbil e na maioría dos casos non dispoñen dunha impresora.</p> <p>Por estas razóns utilizamos o correo electrónico para comunicarnos co alumnado, enviarlles tarefas e as correspondentes correccións.</p> <p>4º ESO: Gmail e Google Classroom. Alumnado con problemas de conectividade: de 29 alumnos, detectáronse 4 casos con problemas que , a través das titorías e do centro, foron solucionados nas primeiras semanas. Aínda así hai un alumno que non conectou nunca, dous alumnos sólo unha vez e outros dous que levan máis dun mes sen conectar.</p> <p>2º BACH: Gmail e Google Classroom. Non se detectaron casos de alumnado sen conectividade.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Gmail e Google Classroom. -WhatsApp. - Ordenador das profesoras e do alumnado. - Teléfono móbil das profesoras e alumnado. -páx. web de Burlington. -Pax. web CIUG (2º Bach) -Libro de texto e cuadernillo de exercicios. -Libro de lectura obrigatorio. -Diferentes páxinas web, vídeos , series e debuxos animados. -Videoconferencia Skype (1º e 2º ESO) -Material de elaboración propia.
<p>4. Información e publicidade</p>	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>Gmail, Google Classroom e páxina web do centro.</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>

No domicilio particular, a 10 de maio de 2020.

Asdo. María Luisa López Velo

(Xefa de departamento de Inglés do IES de Curtis).